

ACTA SESIÓN Nº3

En sesión telemática sendo o día 4 de decembro de 2025 as 12:00 se inicia unha nova xuntanza do tribunal de selección dunha bolsa de traballo de posto de Arquitecto do subgrupo A1 interino/a.

Coa asistencia das seguintes persoas:

Presidente: VÁZQUEZ CAMPAÑA, Marcos
Secretario: FRANCO LEIS, Manuel
VOCAIS: HERMIDA CANCELA, Rocío
CORES BARRAL, Paula
BEIRAS GARCÍA-SABELL, Daniel

PRIMEIRO: Por parte do Presidente do Tribunal se pon de manifesto a entrada no rexistro do Concello en data de 03/12/2025 de comunicación de admisión de demanda contencioso administrativa que afectaría as bases de selección e a apertura por parte do Xulgado Contencioso Administrativo n.2 de A Coruña dunha peza separada para decidir sobre a solicitude de suspensión do procedemento selectivo, se ben ao día data se constata que non existe decisión xudicial de suspensión firme polo que procede continuar o proceso selectivo para a formación da bolsa de traballo.

SEGUNDO: Procédese a dar conta das reclamacións e alegacións presentadas contra os resultados da proba test e se da conta do informe elaborado sobre ditas reclamacións:

“PREGUNTAS E RESPOSTAS EN CUESTIÓN

43. Segundo a Lei 38/1999, da ordenación da edificación, as accións para esixir responsabilidades por danos materiais por vicios ou defectos prescribirán:

a) Aos 10 anos para os danos materiais causados no edificio por vicios ou defectos que afecten á cimentación, os soportes, as vigas, os forxados, os muros de cargas ou outros elementos estruturais e que comprometan directamente a resistencia mecánica e a estabilidade do edificio.

b) No prazo de dous anos a contar desde que produzan estes danos.

c) No prazo de tres anos a contar desde que se produzan estes danos.

Alegacións formuladas

- A. Iván Rivas Rico: considera contraditoria a resposta b) coa garantía de 10 anos por vicios ou defectos de carácter estrutural.

Confirmación da resposta válida

A pregunta no seu enunciado refírese especificamente á prescrición das accións para esixir responsabilidades, en lugar do prazo de duración das responsabilidades dos axentes que interveñen no proceso de edificación.

Isto é, a responsabilidade dos axentes por danos materias que comprometan directamente a resistencia mecánica e a estabilidade do edificio terá unha duración de 10 anos, podendo xurdir o dano en calquera momento dentro deses 10 anos mencionados no artigo 17 da Lei 38/1999.

Non obstante, a pregunta fai referencia ao prazo de prescrición para esixir responsabilidades, dende que xorden os danos, establecido no artigo 18 da Lei 38/1999, no cal se indica o seguinte: *“As accións para esixir a responsabilidade prevista no artigo anterior por danos materiais dimanantes dos vicios ou defectos, prescribirán no prazo de DOUS ANOS a contar desde que se produzan os devanditos danos, sen prexuízo das accións que poidan subsistir para esixir responsabilidades por incumprimento contractual”.*

Polo tanto, a resposta b) non resulta contraditoria senón que se refire a un prazo aínda máis limitativo que é o da prescrición das accións dende que se manifesten os danos, dentro do período de responsabilidade.

En consecuencia, confírmase a resposta b) como única válida polo que cómpre REXEITAR O ALEGADO.

65. De acordo co anexo de definicións do Regulamento da Lei do solo 2/2016, cando a distancia vertical desde a cara superior da placa que forma o teito ata o nivel da rasante:

- a) exceda 1 m, considérase planta baixa
- b) exceda 1,5 m, considérase semisoto
- c) é igual ou inferior a 1 m, considérase soto

Alegacións formuladas

- Vicente Rivas Negreira: considera que a versión castelán do cuestionario é substancialmente diferente da versión en galego polo que a resposta súa resposta c) tamén sería válida. "es igual o inferior la 1 m, se considera **semisótano**"

Anulación da pregunta

O anexo de de definicións do RSG/2016 define o semisoto como: "*planta da edificación situada por debaixo da planta baixa, na cal a distancia vertical desde a cara superior da placa que forma o seu teito ata o nivel de rasante é igual ou inferior a 1 metro en calquera punto das súas fachadas, excluindo o punto en que se sitúe o acceso cando o seu uso sexa aparcadoiro, e sempre que a súa fronte non ocupe máis do 50 % da fachada nin máis de 6 metros, admitíndose esta excepción unicamente nunha das fachadas do edificio*".

O enunciado en castelán dicía:

De acuerdo con el anexo de definiciones del Reglamento de la Ley del suelo 2/2016, cuando la distancia vertical desde la cara superior de la placa que forma el techo hasta el nivel de la rasante

- a) exceda 1 m, se considera planta baja.
- b) exceda 1,5 m, se considera semisótano.
- c) es igual o inferior la 1 m, se considera semisótano.

Ao existir ese erro na tradución ao castelán de soto por semisoto, efectivamente a resposta c) resultaría válida e correspondería anular a pregunta por ter na versión en castelán dúas respostas válidas: a) e c).

Polo que cómpre ADMITIR O ALEGADO.

66. Para edificar en solo de núcleo rural, consonte o réxime da Lei do solo 2/2016, a interesada debe dispor de acceso ao seu predio a través de:

- a) camiño público
- b) camiño rodado
- c) camiño previsto

Alegacións formuladas

- A. Iván Rivas Rico: considera que está mal marcada a resposta ao ser correcta a resposta b)

Substitución da respostas válida

Existe en efecto un erro na resposta marcada resultando a **resposta b)** como única correcta.

O art. 36.5 do RSG 2/2016 determina:

*"5. Para edificar no ámbito dos núcleos rurais deberá dispoñerse de **acceso rodado de uso público** e executarse a conexión coas redes de servizo existentes no núcleo rural ou nas súas proximidades. De non existiren, deberán resolverse por medios individuais con cargo ao promotor ou á promotora da edificación e co compromiso de conexión cando se implanten os servizos (artigo 24.5 da LSG).*

(...)

*Cando no solo de núcleo rural tradicional, o planeamento establece a consolidación de aliñacións existentes para garantir o mantemento e protección da trama tradicional ou dos muros que delimitan o viario, e isto supoña a imposibilidade de dispoñer de acceso rodado a algunha parcela, esta poderá ser edificada sempre que conte con acceso **por vía de uso público pavimentada**."*

A diferenza do solo urbano consolidado, no que se considera válido un acceso público de tipo peonil (cascos históricos) no solo de núcleo rural esíxese para edificar con carácter xeral vía rodada e de forma excepcional e xustificada unicamente pavimentada.

En ningún caso se esixe a titularidade pública do viario.

Polo que se SUBSTITÚE A RESPOSTA corrixindo a resposta e quedando do seguinte xeito: **b) camiño rodado**

70. Ademais dos Bens de Interese Cultural expresamente declarados pola Xunta de Galicia, teñen a consideración de BIC xenéricos

- a) Os castelos anteriores a 1975
- b) Os hórreos anteriores a 1889**
- d) Os monumentos megalíticos da idade rupestre

Alegacións formuladas

- Vicente Rivas Negreira: [...] a resposta a) a cuestión 70 é tan válida como a b).

Confirmación da resposta válida

Teñen a consideración BIC por ministerio de lei:

- os castelos e arquitecturas defensivas anteriores a 1849 (Decreto de 1949 e artigo 88.1 da Lei 5/2016), polo que a resposta a) resulta incorrecta.
- os hórreos, cruceiros e petos de ánimas anteriores a 1901 (artigo 92.1 da Lei 5/2016), polo que todos os hórreos anteriores a 1889 son BIC e a resposta b) resulta correcta.
- covas, abrigos e lugares ao aire libre que conteñan manifestacións de arte rupestre (artigo 94.2 da Lei 5/2016), polo que só os megálitos con pinturas, petróglifos ou outras manifestacións artísticas rupestres se consideran BIC e a resposta c) resulta incorrecta.

En consecuencia, confirmase a resposta b) como única válida polo que cómpre REXEITAR O ALEGADO.

78. Pódese establecer un uso de aparcadoiro para caravanas en tránsito no solo rústico?

- a) Só cunha superficie maior de 10.000 m2 consonte a normativa sectorial
- b) Si, xustificando a idoneidade da parcela**
- c) En ningún caso, pola preservación dos valores do solo en situación básica rural

Alegacións formuladas

- A. Iván Rivas Rico: considera correcta a resposta c) alegando que non se pode admitir en ningún caso o uso de aparcadoiro en solo rústico.

Confirmación da resposta válida

O uso de aparcadoiro para caravanas en tránsito no solo rústico resulta necesario e adecuado dentro das actividades recreativas ao aire libre coas instalacións mínimas para o uso, artigos 35.1.d) da LSG 2/2016 e 50.1.d) do RSG/2016:

"d) Campamentos de turismo e instalacións de praia e actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, de carácter público ou privado, de uso individual ou colectivo, que se desenvolvan ao aire libre, coas obras e instalacións imprescindibles para o uso de que se trate."

Consonte o RSG/2016 deberá xustificarse a idoneidade da súa localización:

"Artigo 61. Condicións de posición e implantación

1. Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situar a edificación en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1 letras g), h), i), l) e m) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e nas mesmas letras do artigo 50.1 deste regulamento. (...)"

Polo que a resposta b) resulta correcta.

A resposta a) non se pode considerar correcta, pois no caso de acudir á normativa sectorial esta establecería unha superficie mínima de 5.000 m².

A resposta c) tampouco se pode considerar correcta pola formulación "en ningún caso" dado que este tipo de instalacións aínda cando polo seu uso e características non tivesen encaixe nas epígrafes referidas, poderían ter encaixe na epígrafe 35.1.p) e implantarse no solo rústico mediante plan especial.

En consecuencia, confirmase a resposta b) como única válida polo que cómpre REXEITAR O ALEGADO.

79. Consonte os artigos 2 e 10 da LOE, será necesario estar en posesión do título de arquitecto/a para redactar proxectos:

- a) De edificación con uso comercial ou deportivo
- b) De instalacións en uso administrativo
- c) De edificación con uso industrial en ausencia de enxeñeiro/a

Alegacións formuladas

- Vicente Rivas Negreira, alega que a resposta c) non se pode considerar correcta.

Confirmación da resposta válida

Os artigos 2 e 10 da Lei 38/1999 de ordenación da edificación (LOE) definen a habilitación profesional para a dirección de obra e a dirección da execución nas obras de edificación segundo os usos do edificio. Admitindo tanto a dirección de obra por enxeñeiro/a como por arquitecto/a (neste caso acompañado pola dirección da execución de arquitecto/a técnico/a) con carácter xeral dentro do uso industrial. Por tanto **o título de arquitecto/a** resulta habilitante na edificación de uso industrial cando o proxecto non estea redactado por enxeñeiro/a.

Polo que a resposta c) resulta correcta.

A resposta a) non se pode considerar correcta por ser usos non incluídos na epígrafe do artigo 2.1.a) da LOE: "a) *Administrativo, sanitario, religioso, residencial en todas sus formas, docente y cultural*".

A resposta b) non se pode considerar correcta ao referirse a obras parciais das instalacións do edificio que non necesariamente son de edificación e poden ser obxecto de proxecto técnico.

En consecuencia, confirmase a resposta c) como única válida polo que cómpre REXEITAR O ALEGADO.

91. Consonte o réxime transitorio da Lei 2/2016, unha vivenda edificada en solo rústico en 1995 con licenza municipal a 3 m dos terreos doutra propiedade

- a) pódese ampliar con determinadas condicións de implantación
- b) non se pode ampliar dada a súa condición de desconforme coa ordenación
- c) pódese ampliar liberando unha franxa de 5 m de separación no solo rústico

Alegacións formuladas

- A. Iván Rivas Rico: considera correcta a resposta c).

Como ben indica a alegación, esta pregunta polos datos do seu enunciado refírese exclusivamente ao réxime da disposición transitoria 3ª da LSG 2/2016 sen entrar a considerar outros réximes especiais, nomeadamente o do artigo 40 que non resultaría de aplicación en ningún caso para unha edificación de 1995.

O réxime da tst 3ª admite a ampliación desta edificación co cumprimento das condicións do artigo 39 da LSG entre as que se atopan as condicións de implantación e illamento de 5 m da nova edificación ao límite da parcela. Polo que a resposta a) resulta correcta, pois é referencia literal á disposición tst 3ª da LSG 2/2016. A resposta b) non se pode considerar correcta pois a desconformidade dunha edificación non impide a súa ampliación sempre que esta non agrave a situación de desconformidade.

A resposta c) introduce o termo "liberando unha franxa de cinco metros" non canto de "gardando" o que suscita unha pretendida necesidade de derruba das partes existentes que non gardasen recuados. Cuestión que non determina a lei.

En consecuencia, confírmase a resposta a) como única válida polo que cómpre REXEITAR O ALEGADO.

93. Consonte a Lei 1/2019 de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, poderase permitir nos edificios con protección estrutural ou asimilable

a) Baleiramentos parciais con catálogo homoxeneizado aos niveis de protección da Lei 5/2016

b) Baleiramentos que non afecten aos elementos protexidos

c) Baleiramentos parciais só en concellos con planeamento adaptado a Lei 5/2016

Alegacións formuladas

- Vicente Rivas Negreira: considera como resposta correcta a resposta b), polo seu carácter xeral e non contradicir as modificacións introducidas na lei de rehabilitación 1/2019 pola lei de medidas 5/2024

Confirmación da resposta válida

A Lei 5/2024 modificou a disposición transitoria 1ª, no seu apartado 2, admitindo a homoxeneización singular do inmovible en ausencia da homoxeneización do catálogo. Pero no seu apartado 1 mantense a homoxeneización do catálogo como procedemento xeral, polo que a resposta a) segue a ser correcta.

O artigo 42.2. permanece vixente nel se admiten, para a protección estrutural, unicamente baleirados parciais polo que a resposta b) non se pode considerar correcta.

É certo, como xustifica a alegación que a Lei 5/2024 modificou o artigo 42.1 engadindo a posibilidade de realizar as mesmas actuacións que na protección ambiental e entre elas parecen estar todo tipo de baleirados. Pero esta regulación tería as excepcións relacionadas no propio artigo 42.1 como "que non figure expresamente prohibida no planeamento", e non ten carácter xeral nin pode invalidar o artigo 42.2 que limita expresamente aos baleirados parciais. Polo que a resposta b) en ningún caso se podería dar por válida.

En consecuencia, confírmase a resposta a) como única válida polo que cómpre REXEITAR O ALEGADO.

94. Consonte a Lei 1/2019 de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, poderase alterar a posición de forxados nos edificios catalogados

a) Cun nivel de protección non integral

b) Cun nivel de protección ambiental e unha altura libre inferior a 2,40 m

c) Con independencia do nivel de protección

Alegacións formuladas

- Vicente Rivas Negreira: considera como resposta correcta a resposta a), polas modificacións introducidas na lei de rehabilitación 1/2019 pola lei de medidas 5/2024

Substitución da respostas válida

O artigo 41 da lei 1/2019 facía referencia expresa a altura dos forxados admitindo que non se respectase a súa altura orixinal cando fose inferior a 2,40 m

As modificacións introducidas pola lei 5/2014 determinan:

Tres. Modifícase o título do artigo 41, que pasa a ser:

«Artigo 41. Edificios non catalogados ou con nivel de protección ambiental ou asimilable».

Catro. O número 1 do artigo 41 queda redactado como segue:

«1. Nos edificios non catalogados ou con nivel de protección ambiental ou asimilable estará permitida calquera actuación no interior que non afecte a imaxe exterior do edificio, incluídos os baleirados parciais e totais, sempre que non incida sobre elementos singularmente protexidos nin sobre a estrutura parcelaria orixinaria, agás que se trate dalgunha das intervencións permitidas por aplicación do artigo 43».

Cinco. Modifícase o número 1 do artigo 42, que pasará a ter a seguinte redacción:

«1. Nos edificios con nivel de protección estrutural ou asimilable, estarán permitidas as mesmas actuacións establecidas no artigo anterior para os edificios con nivel de protección ambiental, sempre que non afecten os elementos ou as características singulares do edificio que deban ser conservados ou repostos, e non entren en contradición con eles.

Para estes efectos, entenderase por elementos ou características singulares do edificio que deben ser conservados ou repostos aqueles que de maneira expresa se recollan no planeamento en que se estableceu o nivel de protección do ben, na resolución de declaración de ben de interese cultural ou no catálogo ou acordo de catalogación do ben.

Entenderase que unha actuación non entra en contradición cos elementos ou características singulares que deban ser conservados cando cumpra as seguintes condicións:

a) Que non figure expresamente prohibida no planeamento en que se estableceu o nivel de protección do ben, na resolución de declaración de ben de interese cultural ou no catálogo ou acordo de catalogación do ben.

b) Que non implique unha imposibilidade de contemplación ou altere de forma significativa o modo en que se percibe o elemento protexido no contexto do inmovible.

c) Que non se interveña sobre os elementos especificamente protexidos e non se alteren as características do ben especificamente protexidas».

Dado que o réxime destes artigos admite baleirados e cambios de estrutura cun nivel de protección non integral, a resposta correcta pasaría a ser: **a) cun nivel de protección non integral**

Polo que se SUBSTITÚE A RESPOSTA considerando como válida unicamente a **a)**

96. Son instrumentos de ordenación do territorio

a) Os plans territoriais integrados, os plans sectoriais e os proxectos territoriais singulares

b) Os plans territoriais, os proxectos sectoriais xa aprobados e os plans sectoriais

c) Os plans territoriais integrados, os plans territoriais singulares, os plans sectoriais e os proxectos de interese autonómico

Alegacións formuladas

- Vicente Rivas Negreira: considera que os proxectos sectoriais non constan como instrumentos de ordenación do territorio na nova lei 1/2021

Confirmación da resposta válida

A resposta non se refire no seu enunciado expresamente aos instrumentos recollidos na lei 1/2021, senón con carácter xeral a todos os instrumentos de ordenación do territorio.

Os plans territoriais singulares non existen polo que as respostas a) e c) son claramente incorrectas.

A resposta b) refírese a dúas figuras da lei 1/2021 e aos proxectos sectoriais xa aprobados, aos que fai referencia esa mesma lei dándolles ás súas determinacións a mesma consideración que ás determinacións dos proxectos de interese autonómico. Polo que resulta correcta dado que plans territoriais, os proxectos sectoriais xa aprobados e os plans sectoriais teñen a consideración de instrumentos de ordenación do territorio.

En consecuencia, confírmase a resposta a) como única válida polo que cómpre REXEITAR O ALEGADO.

SEGUNDO: Unha vez resoltas as alegacións no senso exposto procédese a calcular os novos resultados que quedan como se relaciona de modo definitivo:

	PROVICIONAIS	DEFINITIVOS	CORRECTAS	INCORRECTAS
23200433	16,6	17	65	25
23200434	19,4	20,6	75	19
23200435	12,9	12,1	55	44
23200431	17,7	17,7	65	18
23200436	14,8	15,2	63	37
23200432	11,1	12,3	51	30

TERCERO: Debátense datas para a celebración da proba práctica e acórdase que sexa o día 20 de xaneiro 2026 as 11:00 na casa do Concello do Fisterra.

CUARTO: Acórdase a publicación íntegra da presente acta aos efectos de dar público coñecemento a todas as persoas candidatas do contido da resolución de alegacións, das novas puntuacións resultantes, así como se fai pública a data da proba práctica.

Sendo as 13:30 horas se ten por rematada a sesión.

O Secretario do Tribunal de Selección